

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

RESOLUCIÓN do 28 de maio de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería e polo Servizo Galego de Saúde no primeiro cuadrimestre do ano 2018.

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.

En consecuencia, e para cumprir con esa obriga, por medio da presente resolución dá-selle publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Sanidade e polo Servizo Galego de Saúde no primeiro cuadrimestre do ano 2018, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

ANEXO

Convenio	Importe	Data da sinatura
Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a empresa Gabinetes de Audioprótesis Electromedicina y Servicios, S.A. (GAES) sobre o procedemento de prestación ortoprotésica na Comunidade Autónoma de Galicia	Sen achega económica	19.7.2017
Prórroga do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Xaime Quesada Blanco para a cesión do uso de cadros para a súa exposición no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Sen achega económica	26.12.2017
Acordo de prórroga ao acordo entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas da gripe estacional para a campaña 2018-2019	Sen achega económica	29.12.2017



Convenio	Importe	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, o Instituto Social das Forzas Armadas e a Mutualidade Xeral Xudicial para a prestación en zonas rurais de servizos sanitarios de atención primaria e urxencias aos mutualistas e demais beneficiarios adscritos a entidades de seguro de asistencia sanitaria concertada coas ditas mutualidades	Sen achega económica	29.12.2017
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) e a Deputación de Ourense en relación co programa de termalismo social e cultura termal	Sen achega económica	10.1.2018
Addenda ao convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no concello de Narón	Sen achega económica	26.1.2018
Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Axuda aos Nenos Oncolóxicos de Galicia (Asanog) para o desenvolvemento dos proxectos de Asanog integrados no programa Meu ben	Sen achega económica	31.1.2018
Convenio de colaboración entre Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Gadisa Retail, S.L.U., para a convocatoria do I concurso escolar de carteis relacionado coa doazón e os transplantes	Sen achega económica	6.2.2018
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga) para a organización da prestación farmacéutica na residencia de adultos a Casa de Lamastelle	Sen achega económica	19.2.2018
Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Pro Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Aspronaga) para a organización da prestación farmacéutica na residencia de gravemente afectados Ricardo Baró	Sen achega económica	19.2.2018
Protocolo xeral de colaboración entre a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Sociedade Galega de Medicina Intensiva e Unidades Coronarias (Sogamiuc), para a colaboración técnica, científica e docente no ámbito da doazón e o transplante de órganos, tecidos e células humanas	Sen achega económica	20.2.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña (Aclad) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos	1.523.144,00 €	23.2.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga Alborada para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos	1.356.351,00 €	23.2.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos	844.032,00 €	23.2.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos	561.273,00 €	23.2.2018



Convenio	Importe	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa terapéutico-educativo Proxecto Home de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e do programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica	860.535,00 €	23.2.2018
Convenio colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e Sigre Medicamento e Medio Ambiente, S.L., para o seguimento do sistema integrado de xestión de residuos de envases e envases usados que asume tamén a xestión dos residuos de medicamentos e outros produtos adheridos que se xeren en Galicia	Sen achega económica	9.3.2018
Convenio marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Laboratorio Menarini Diagnósticos, S.A., para a promoción da investigación e a formación científica orientadas á mellora da atención ao paciente	Sen achega económica	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade para o desenvolvemento dunha serie de actividades de información e apoio aos enfermos e familiares	35.353,00 €	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Consello Galego de Colexios de Médicos para o desenvolvemento do programa de atención integral ao médico enfermo Paime	40.057,00 €	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Itínera, Voluntarios en Saúde Mental para a realización de programas de fomento e formación do voluntariado no campo da enfermidade mental para o favorecemento dunha sociedade inclusiva	15.683,00 €	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Feafes Galicia) para o desenvolvemento dunha serie de actividades de formación, información e apoio aos enfermos mentais e aos seus familiares e do programa Coidamos de Ti	84.307,00 €	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación de Alcohólicos Rehabilitados de Galicia (Farga) para o desenvolvemento de actividades de formación, información, asesoramento e apoio a pacientes e familiares/coidadores	23.063,00 €	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (Aspaneps) para a realización do Programa de atención á saúde mental infantoxuvenil na área de Ferrol	141.170,00 €	13.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos.	152.957,00 €	14.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcohología (Asvidal) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos	180.644,00 €	14.3.2018



Convenio	Importe	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Exalcohólicos de Ferrolterra para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos	98.349,00 €	14.3.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas adictivas Utaca Luis Miguel Morás para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos.	175.175,00 €	14.3.2018
Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Española contra o Cancro para o desenvolvemento dun modelo de atención psicosocial nas unidades de HADO-PAL da Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés	Sen achega económica	19.3.2018
Convenio colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia	30.000,00 €	4.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Española contra o Cancro para a realización de actividades de voluntariado na EOXI de Pontevedra e O Salnés	Sen achega económica	9.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Andaina Pro Saúde Mental para o desenvolvemento dun programa de saúde mental comunitaria	45.000,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia	753.500,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Aliad-Ultreia para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	43.701,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Atox para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	24.909,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Antonio Noche para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	24.909,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Erguete para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	137.278,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Rexurdir Provincial para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	21.102,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Renacer para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	14.567,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Vieiro para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa de atención xurídico-social	6.180,00 €	13.4.2018



Convenio	Importe	Data da sinatura
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer (Fagal) para o desenvolvemento dunha serie de actividades de información e apoio aos familiares e cuidadores	64.042,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas (Fegerec) para o desenvolvemento de actividades destinadas a mellorar a situación de saúde e calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas, no contorno sanitario	28.868,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Federación Autismo Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no contorno sanitario	10.925,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Érguete Integración para o desenvolvemento de programas de incorporación social a pacientes con trastornos adictivos. Programa Itínere	95.684,00 €	13.4.2018
Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Feafes Galicia para o desenvolvemento dun programa de captación e atención precoz a familiares/cuidadores en primeiros episodios de enfermidade mental grave e persistente e colaboración na formación continua dirixida aos profesionais de centros sociosanitarios vinculados á Consellería de Política Social	18.182,00 €	26.4.2018
Addenda de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e Abbvie Spain, S.L.U., para o desenvolvemento e implementación do Programa de intervención temperá nos procesos de incapacidade temporal de orixe musculoesquelético, asinado o 30 de abril de 2016	Sen achega económica	30.4.2018

